












ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

### TÍTULO I: DENOMINACION E REXIME LEGAL

#### Artigo 1. Da asociación.

En outubro do ano 2008 constituíuse o Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra como asociación para o cumprimento dos fins descritos no artigo 44 do Regulamento 1198/2006 do Consello do 27 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Pesca. Rematado este período de fondos europeos o Grupo debe adaptar os seus estatutos para o cumprimento dos fins descritos no capítulo II do título III do Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento e do Consello do 17 de decembro de 2013, así como na sección 2 do capítulo III do título V do Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento e do Consello de 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

Tamén co obxecto de adaptación ao Regulamento do Fondo Europeo de Pesca e as disposicións para a súa aplicación ditadas pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia o Grupo de Acción Costeira cambia o seu nome a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra (en adiante GALP-RP). Durante un período de transición o Grupo empregará as dúas denominacións para non perder a percepción xerada na cidadanía

2. O GALP-RP é unha entidade sen animo de lucro que se rexerá pola seguinte normativa:











- Artigo 22 da Constitución Española
- Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, na súa redacción dada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en canto a súa condición de entidade colaboradora, sen prexuízo do resto de normativa aplicable.
- Os presentes estatutos.
- Regulamento de réxime interno, no seu caso, así como polos acordos validamente adoptados pola súa Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

3. Os beneficios que obtenga por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre as persoas que forman a asociación nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.

4. A entidade ten plena capacidade de obrar e é de carácter permanente e duración indefinida. A Asociación só se disolverá de conformidade cos presentes Estatutos, pola vontade dos/as asociados/as expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

**Artigo 2. Da capacidade xurídica.**

O GAC - agora GALP – RP -, unha vez inscrito no rexistro correspondente, disporá de plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

**TÍTULO II. DOMICILIO SOCIAL E AMBITO DE ACTUACION**

**Artigo 3. Domicilio**

A asociación fixa o seu domicilio social, provisionalmente, no edificio do Concello de Marín, Avda. de Ourense s. n. Marín.

2. Poderán ser creados locais sociais noutras localidades pertencentes ao ámbito de actuación do GALP- RP mediante acordo da Xunta Directiva. De producirse a creación dalgún destes locais, darase conta destes acordos aos membros da Asemblea Xeral.

3. O domicilio social poderá ser transferido para calquera outro local mediante acordo da Asemblea Xeral. Do cambio de domicilio social darase conta ao organismo encargado do Rexistro de Asociacións.

**Artigo 4. Do ámbito territorial e da súa duración .**

1. O Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra, agora Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, terá como ámbito de actuación preferente o correspondente a zona costeira da Ría de Pontevedra, que abarca os concellos de Bueu, Marín, Poio, Sanxenxo, Pontevedra – a efectos do sector pesqueiro - e Meaño, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

2. A duración será indefinida e subsistirá mentres perdure a necesidade de cumprimento dos seus fins.

3. A entidade poderá crear delegacións sectoriais, núcleos ou outras formas de representación para o mellor cumprimento dos seus fins, tanto de ámbito rexional, nacional e internacional ou establecer con eles relacións de cooperación ou colaboración.

**TÍTULO III. FINS E ACTIVIDADES**

**Artigo 5. Fins e actividades**

1. O GALP - RP ten como obxecto social colaborar na gobernanza da zona, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira e servindo de núcleo de converxencia e representación dos axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento integral e equilibrado do territorio de actuación, para acadar os seguintes fins:

a. A dinamización local, incluíndo a creación de emprego, a diversificación da economía local e a mellora do benestar social.

b. Potenciar a gobernanza local e a animación e innovación social.

c. Elaborar e aplicar estratexias de desenvolvemento local participativo (en diante EDLP) multisectoriais e integradas que respondan ás necesidades da zona pesqueira local.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

d. Seleccionar operacións no marco dunha EDLP para as medidas contempladas no Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (en diante FEMP) no desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras.

e. Xerar capacidade nos axentes locais para desenvolver e levar á práctica ás operacións para a implementación da EDLP, e tamén fomentando a súa capacidade para xestionar proxectos.

f. Reforzar o papel da muller, promovendo medidas que favorezan a integración da igualdade de xénero, e a non discriminación.

g. Promover o desenvolvemento sostible poñendo en valor o patrimonio ambiental co fin de realizar unha utilización eficiente dos recursos naturais, así como promover a recuperación do patrimonio cultural e medio ambiental mediante a súa explotación sostible.

h. Apoiar actuacións dirixidas a potenciar e engadir valor ás actividades e produtos da pesca.

i. Promover a cooperación interterritorial e transnacional con outras asociacións ou organizacións que leven a cabo estratexias de desenvolvemento local.

j. Calquera outra que favoreza o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras conforme ao establecido no Capítulo III do Título V do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

Con carácter transversal a todas as actuacións executadas polo GALP- RP:

a. Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas a diversificación de actividades mediante a promoción de emprego múltiple para as persoas empregadas no sector pesqueiro por medio da creación de traballos adicionais fora deste.

b. Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas a procura de valor engadido para os produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

c. Impulsar o exercicio profesional dirixido a fomentar a igualdade de oportunidades entre as mulleres e homes, ademais de desenvolver e aplicar con disciplina, tanto o saber científico relativo as relacións de igualdade de oportunidades humano-sociais, como os servizos destinados a satisfacer as necesidades e aspiracións das mulleres, tendo en conta a promoción da igualdade de oportunidades



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA	VICEPRESIDENCIA
SECRETARÍA	TESOUREIRÍA
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

d. Promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización tendo como principais destinatarios/as, os traballadores e traballadoras do sector pesqueiro e, prioritariamente, as mulleres novas e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector.

e. Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas a protección do medio natural nas zonas pesqueiras co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver os pobos costeiros de pescadores, así como participar nas actuacións de restablecemento do potencial produtivo do sector pesqueiro, marisqueiro acuícola danado como consecuencia de desastres naturais ou industriais.

2. Para acadar os ditos fins, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

a. Accións de sensibilización do tecido socioeconómico das zonas vinculadas a problemática, recursos, accións e proxectos que contribúan aos seus intereses de desenvolvemento.

b. Diseñar, planificar, coordinar e realizar actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos a problemática do desenvolvemento integral da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou electro-óptico-magnético, de carácter especializado, didáctico ou meramente divulgativo.

c. Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera programa ou proxecto relativo ao desenvolvemento zonal e rexional, xa sexa para executarse dentro do territorio nacional ou ben en calquera país estranxeiro.

d. Diseñar, planificar, coordinar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para alcanzar unha adecuada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos socioeconómicos vinculados ao desenvolvemento zonal e, especialmente, das persoas profesionais da pesca, do marisqueo e da acuicultura, ás mulleres, mozos e mozas e colectivos desfavorecidos.

e. Traballar en rede co resto dos grupos de acción local.

f. Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a procura de liñas de actuación conxunta con entidades análogas.

g. Realizar as actividades de colaboración na xestión de axudas como entidades colaboradoras.










h. Realizar cantas actividades poidan resultar conexas, antecedentes ou consecuentes das anteriores.

i. Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.

j. Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

3. Como asociación sen ánimo de lucro as rendas e outros ingresos que se obteñan calquera concepto destinarase aos devanditos fins exclusivamente.

TÍTULO IV. DOS DEREITOS E OBRIGAS DAS ENTIDADES ASOCIADAS

Artigo 6. Adquisición da condición de asociado/a.

1. O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra debera permitir a integración nel, de todas as entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, así como administracións locais e entidades públicas dependentes destas, dentro do ámbito territorial correspondente.  
Non poderán formar parte do GALP - RP as persoas físicas e xurídicas individuais con ánimo de lucro nin as sociedades mercantís, excepto as entidades de economía social como as cooperativas.
2. A representatividade, a nivel local ou territorial da zona, das asociacións sectoriais respectivas será avaliada pola Xunta Directiva do presente GALP - RP co fin de evitar a participación de asociacións sectoriais que non sexan representativas no territorio, ben porque non terían implantación na zona costeira ou ben porque as entidades non posúan medios humanos, técnicos nin materiais e, en definitiva, non desenvolvan unha actividade permanente na zona.  
O disposto anteriormente non será aplicable ao sector público.
3. Para adquirir a condición de membro, a entidade que o solicite debera dirixirle a presidencia do GALP – RP unha solicitude, subscrita polo seu representante legal mediante acordo do órgano competente, na que se manifieste a vontade expresa de adherirse ao GALP – RP e de cumprir todos os fins recollidos nos seus estatutos e demais regulamentos de orde interna. Esta solicitude debera acompañarse da seguinte documentación:
  1. Copia da acta de constitución e dos estatutos debidamente rexistrados.
  2. Relación de membros que integran a asociación.
  3. CIF da entidade e NIF do representante xunto ao seu nomeamento como tal.
  4. Memoria de actividades.
4. A persoa que presida a asociación trasladara a solicitude a Xunta Directiva, que debera resolver nun prazo non superior a un mes dende o traslado daquela.
5. En caso de non admisión pola Xunta Directiva, o/a solicitante pode recorrer ante a próxima Asemblea Xeral e, en todo caso, ante o ordenamento xurisdiccional ordinario. Neste suposto, devandito recurso será incorporado de xeito automático como punto da orde do día na primeira sesión que celebre a Asemblea Xeral, sexa ordinaria ou extraordinaria.
6. Non se adquire a condición de membro mentres non se satisfaga a cota de entrada que estableceza a Xunta Directiva e as débedas pendentes coa asociación.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

**Artigo 7. Perda da condición de entidade asociada**



1. A condición de membro da asociación perderase:
  - a. Por decisión voluntaria, o que debera solicitar por escrito a presidencia.
  - b. Por sanción imposta pola Xunta Directiva, de xeito motivado, por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes a condición de entidade asociada.
  - c. Por perda da representatividade ou dos requisitos necesarios para a condición de socio/a, entre outras a disolución da entidade a que representa.
  - d. Por extinción da persoa xurídica.
  - e. Polo impago de cotas que se acorden pola Asemblea Xeral.
2. O acordo de expulsión, adoptado pola Xunta Directiva previa audiencia do/a socio/a interesado/a, notificaráselle par escrito e contra o mesmo caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre. De ratificarse o acordo de expulsión pola Asemblea Xeral, a persoa interesada poderá recorrer ante a xurisdición ordinaria.
3. A baixa por calquera motivo do GALP - RP non exime a entidade asociada de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivese pendentes.
4. A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun/dunha asociado/a cando se estea a tramitar un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación, en particular, a non asistencia as reunións dos órganos de goberno da Asociación. A falta de asistencia a dúas reunións consecutivas ou catro alternas, suporá a baixa temporal que se manterá por un período mínimo dun ano e rematará coa manifestación expresa do/a asociado/a da súa vontade de reincorporación.  
Se transcorresen dous anos dende o acordo de baixa temporal sen que se tería producido a solicitude de reincorporación, a baixa tomará carácter definitivo e así será comunicado a/ao asociada/o.

**Artigo 8. Dereitos das entidades asociadas**

- As entidades asociadas e os/as seus/súas representantes terán os seguintes dereitos:
- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da Xunta Directiva e doutros órganos que se poidan crear.
  - b) Participar con voz e con voto na Asemblea Xeral.
  - c) Aprobar, se procede, en Asemblea, o balance do exercicio e o orzamento anual.
  - d) Obter información sobre calquera aspecto da marcha do GALP - RP que lle poida resultar de interese.
  - e) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da Asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
  - f) Participar nas actividades da asociación.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

Para poder participar na Asemblea Xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

**Artigo 9. Obrigas das entidades asociadas.**

Son obrigas das entidades asociadas e dos/as seus/súas representantes:

- Satisfacer a cota de entrada e a de mantemento.
- Acatar os estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditos cargos.
- Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola asemblea xeral, a xunta directiva, as mesas sectoriais das que formen parte ou outros órganos que se creen.
- Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco ate o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- Fomentar os obxectivos que promove a asociación.
- Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

**TÍTULO V. ÓRGANOS DA ASOCIACION**

**Artigo 10. Dos principios de funcionamento.**

O GALP - RP, de ampla base democrática, rexerase polo sistema de autogoberno e polos principios de representación, de observancia, legalidade e de democracia interna no seu funcionamento no marco da Constitución e, no resto do ordenamento xurídico, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

**Artigo 11 . Órganos do Grupo de acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra**

1. Os órganos directivos do GALP - RP de carácter colexiado son:










- Asemblea Xeral.
- Xunta Directiva.
- As Mesas Sectoriais.

2. Son órganos unipersoais, aló menos:

- Presidencia
- Vicepresidencia
- A Secretaría.
- a tesourería.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

**Artigo 12 . Da Asemblea Xeral.**

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do GALP - RP e estará integrada por todas as persoas representantes das entidades enumeradas no artigo 6.1 que se atopen en pleno uso dos seus dereitos sociais.
2. Todo membro efectivo ten dereito a voto.
3. Os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaria e Tesourería serán elixidos pola Asemblea Xeral na sesión constitutiva desta por un período de catro anos, que poderá prorrogarse.  
O feito de que o Grupo sexa un instrumento do FEMP implicará que a Presidencia do GALP haberá de recaer nalgún membro da Xunta Directiva do sector pesqueiro. A Vicepresidencia do GALP recaerá nalgún membro dos outros sectores da Xunta Directiva.
4. As sesións da asemblea xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.
5. A Asemblea Xeral ordinaria reunirse unha vez ao ano dentro dos tres primeiros meses do ano.
6. A Asemblea Xeral extraordinaria reunirse tantas veces como sexa necesario, previo acordo da Xunta Directiva, mediante convocatoria da presidencia do GALP - RP.
7. Así mesmo, e con carácter extraordinario, reunirse a Asemblea Xeral cando o solicite, mediante escrito dirixido a Xunta Directiva, un mínimo de persoas asociadas non inferior ao 10%, con expresión detallada das cuestións que deban integrar a orde do día da convocatoria. Recibida esta petición pola Presidencia, dentro dos 15 días naturais seguintes, procederase a efectuar a oportuna convocatoria para a celebración da Asemblea Xeral.
8. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedaran validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou as persoas representadas, a maioría absoluta das entidades asociadas. En segunda convocatoria a quórum requirido será referido a unha cuarta parte das persoas asociadas.
9. Entre a data da convocatoria e a día sinalado para a celebración da reunión da Asemblea Xeral, en primeira convocatoria, haberán de mediar polo menos 15 días naturais, agás as Asembleas extraordinarias e urxentes, que poderán ser convocadas con 48 horas de antelación, podendo así mesmo facerse constar a data na que, se procede, se reunirá a Asemblea Xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a media hora.





ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

10. No caso de que non se previse na convocatoria a data da seguinte convocatoria, debera facerse esta con oito días de antelación a data da reunión.
11. A convocatoria da Asemblea Xeral será comunicada por escrito a cada unha das persoas representantes das entidades sociais, can expresión detallada da correspondente orde do día, par calquera media que permita ter constancia da recepción.
12. A representación de cada asociado/a na Asemblea Xeral poderá ser a través do seu representante titular ou suplente ou ben a través de delegación de voto. Unha persoa física soamente poderá actuar como representante titular dunha entidade.
13. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nunha entidade representante do mesmo sector, dos establecidos no artigo 24 dos presentes Estatutos e cada socio/a so pode ostentar unha delegación.

**Artigo 13. As funcións da Asemblea Xeral.**

1. Serán funcións da Asemblea Xeral:
  - a. Aprobar a memoria de actividades e das actividades a realizar.
  - b. Coñecer e aprobar, se procedese, as contas anuais, incluída a conta de ingresos e gastos, así como a orzamento anual de gastos e ingresos da entidade para o exercicio seguinte.
  - c. Censurar a xestión da Xunta Directiva, da Presidencia ou de calquera membro desta.
  - d. Establecemento do numera, composición e representatividades dos órganos da asociación que se creen
  - e. O nomeamento das persoas integrantes da Xunta Directiva e o cesamento anticipado delas.
  - f. Coñecemento sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade que sexan sometidas a súa consideración pola xunta directiva ou polos asociados/as como rogo ou pregunta.
  - g. Acordar, no seu caso, a contía das cotas de ingreso, periódicas e derramas extraordinarias, así como a súa forma de pago.
  - h. A disposición ou alleamento dos bens do GALP – RP.
  - i. A solicitude de declaración de utilidade pública.
  - j. A constitución dunha federación ou a integración nela, se xa existise.
  - k. A aprobación e modificación dos presentes estatutos.
  - l. Aprobación do regulamento de réxime interior.
  - m. A disolución do GALP - RP.
  - n. A admisión de novas persoas asociadas ao GALP - RP.

**Artigo 14. Dos acordos da Asemblea Xeral.**

1. Os acordos da Asemblea Xeral adóptanse como regra xeral por maioría simple de votos.  
A Presidencia do GAC ostenta voto de calidade en caso de empate.
2. O nomeamento das persoas que ostenten o cargo de vocais da Xunta Directiva realizarase a través dos sectores establecidos no artigo 24. Os vocais de cada sector só poderán ser elixidos polas persoas representantes da Asemblea do respectivo sector.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

3. Requiren o voto dos dous terzos dos membros da Asemblea Xeral os acordos referidos nas letras g), h), i), j), k) l) e m) .
4. De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificara a secretaria co visto e prace da presidencia.

10


**Artigo 15. Da Xunta Directiva.**

1. A Xunta Directiva, por delegación da Asemblea Xeral, asume a dirección da entidade e estará integrada pola Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesouraría, que serán as mesmas que ocupen estes cargos na Asemblea Xeral e catorce dezaseis vogais.
2. A persoas que ostenten os diferentes cargos da Xunta Directiva son nomeadas na Asemblea Xeral a proposta de cada un dos sectores segundo a seguinte representatividade:
  - a) Nove representantes do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola.
  - b) Tres representantes sociais, un por cada seguinte colectivo:
    - i. Un/unha representantes das asociacións veciñais, socio-culturais, deportivas, recreativas e educativas.
    - ii. Un/unha representante das asociacións medio ambientais.
    - iii. Un/ unha representante das asociacións de mulleres.
  - c) Dous/dúas representantes do sector económico; no caso de ter presenza, un por cada seguinte colectivo:
    - i. Un/unha representante das organizacións sindicais, se as houberse e, no caso contrario, pasa a vogalía ao apartado i do sector social.
    - ii. Un/unha representante das asociacións de empresarios/as e demais axentes económicos.
  - d) Seis representantes das administracións públicas locais e entidades do sector público.

3. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nunha persoa representante do mesmo sector, dos establecidos no artigo 24 dos presentes Estatutos.
4. Todos os cargos da Xunta Directiva son honoríficos e gratuítos e o seu nomeamento farase por un período de catro anos, podendo ser reelixidos.
5. Os membros da Xunta Directiva cesaran nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción da entidade a que representen, por perder a condición de representante da entidade a que representen ou por acordo da Asemblea Xeral.  
O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día a/ao sucesor/a e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.
6. As vacantes que de produzan na Xunta Directiva cubriranse cos representantes das persoas asociadas que elixa a Asemblea Xeral segundo a Mesa Sectorial á que pertenza a vacante e segundo proposta dela. Rexerase polas mesmas normas que para a primeira elección.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

**Artigo 16. Funcións da Xunta Directiva**

1. - A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.
- 2.- A Xunta Directiva é o órgano competente para:
  - a. Aprobar a Estratexia de Desenvolvemento Local e a súas modificacións e dar conta a Asemblea Xeral.
  - b. Resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade e sexan sometidas a súa consideración pola Asemblea Xeral ou se poidan suscitar con carácter de rogo ou pregunta por calquera das persoas representantes das entidades asociadas.
  - c. Promover a administración da asociación de conformidade cos Estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral.
  - d. Nomeamento das persoas administradoras e representantes.
  - e. Propor a Asemblea admitir, suspender ou dar de baixa a membros do GALP - RP con suxeición ao previsto nos Estatutos.
  - f. A expulsión de persoas asociadas.
  - g. Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias, de carácter regulamentario, no seu caso, e os acordos que adopte a Asemblea Xeral.
  - h. Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normativas internas e suplir as súas posibles omisións, sen prexuízo e so meter as súas decisións a primeira Asemblea Xeral que se celebre.
  - i. Aprobar as normas regulamentarias.
  - j. Estudo e informe dos orzamentos e contas anuais.
  - k. Presentar anualmente a Asemblea Xeral:
    - a. Informe económico-financeiro anual
    - b. A conta xeral de ingresos e gastos, explicativa da marcha da entidade durante o exercicio.
    - c. Orzamento anual de gastos e ingresos.
    - d. Informe anual de seguimento e avaliación da EDLP.
  - k. Estudo, planificación e control das actividades económicas e financeiras da asociación.
  - l. Organizar, coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre as persoas representantes das persoas asociadas, designando comisións de estudo e traballo.
  - m. Planificar os programas e actividades que desenvolva pota asociación.
  - n. Coñecer e aprobar, se procedese, a memoria de actividades sociais realizadas e das que se pretendan realizar.
  - o. Adoptar e executar accións de goberno e administración do GALP - RP.
  - p. A xestión como entidade colaboradora de subvencións para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins da asociación e recollidos no Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento e do Consello do 15 de maio de 2014.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA	VICEPRESIDENCIA
SECRETARÍA	TESOUREIRÍA
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

q. A avaliación e elevación das propostas de resolución dos proxectos presentados ao abeiro das convocatorias de axudas realizadas pola Consellaría do Mar.

r. Contratación do persoal e expedientes de contratación. Para o desenvolvemento destas actuacións, a Xunta Directiva poderá constituír mesas de contratación cuxa composición será como mínimo de cinco membros, que deberán formar parte da Xunta Directiva do GALP - RP.

Formara parte en todo caso desta mesa a Presidencia do GALP- RP ou vogal en quen delegue.

s. Asesoramento a Presidencia.

t. En xeral, desenvolver cantas accións se dirixan ao mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais, sempre que non estean atribuídos a Asemblea Xeral.

3. Para o exercicio destas competencias, a Xunta Directiva poderá apoiarse na equipa técnica e de xestión do propio GALP - RP ou solicitar o apoio de expertos/as externos na materia.

**Artigo 17. Convocatoria e adopción de acordos na Xunta directiva.**

1. A Xunta Directiva reunirse con carácter ordinario aló menos unha vez ao trimestre, e con carácter extraordinario mediante convocatoria da presidencia, por propia iniciativa ou a instancia motivada dun terzo dos membros, que indicaran os asuntos a tratar na orde do día.

2. A convocatoria da Xunta Directiva será comunicada por escrito, con indicación da correspondente orde do día, por calquera medio que permita ter constancia da recepción.

As ordinarias cunha antelación mínima de 48 horas e as extraordinarias con 24 horas de antelación.

3. Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, cando estean presentas aló menos un terzo dos membros e ademais haberá de estar presente a presidencia ou a secretaria.










Poderán asistir as sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas a Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

4. Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutros membros do sector publico ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente, e cada membro so pode ostentar unha delegación.

5. No proceso de toma de decisións, cada membro da Xunta Directiva ostenta un voto.

6. Os acordos adoptaranse por maioría simple, ostentando a presidencia o voto de calidade.



PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

#### Artigo 18. Presidencia

1. A Xunta Directiva elixira de entre os seus membros a presidencia.
2. A presidencia ostenta a representación legal da asociación, tanto en xuízo coma fora del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

13

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da Asemblea Xeral, da xunta directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.
- b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co tesoureiro.
- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos autorizados pola secretaria, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da xunta directiva ou da Asemblea Xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.
- g) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercer accións e opoñer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.

#### Artigo 19. Vicepresidencia


1. A Xunta Directiva elixira de entre os seus membros a vicepresidencia.
2. A vicepresidencia, en ausencia da presidencia, exercera todas as funcións e atribucións encomendadas a este.

#### Artigo 20. Secretaria

1. A Xunta Directiva elixira de entre os seus membros a secretaria.
2. A secretaria correspóndenlle as seguintes funcións:
  - a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
  - b) Custodiar os libros de actas e documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade.
  - c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
  - d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Asemblea Xeral, da xunta directiva e da comisión permanente, se existe, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace da presidencia.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

- e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión da presidencia.
- g) Redactar a memoria anual da asociación.
- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

**Artigo 21. A tesouraría.**

1. A Xunta Directiva elixira de entre os seus membros a tesouraría.
2. A tesouraría correspóndenlle as seguintes funcións:
  - a) Recadar os fondos para a asociación e custodialos.
  - b) Efectuar os pagamentos acordados pola presidencia.
  - c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.
  - d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
  - e) Levar os libros de contabilidade e o inventario de bens.
  - f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

**Artigo 22. Das vogalías da Xunta Directiva**

1. As persoas que ostenten o cargo de vogais desempeñaran as funcións xenéricas do seu cometido, sen prexuízo daquelas que procedan e que concretamente a cada un deles lles sexan atribuídas por acordo da Xunta Directiva.

**Artigo 23. Mesas sectoriais**

1. Os asociados integrados na Asemblea Xeral organizaranse en catro mesas sectoriais, organizadas en torno aos seguintes ámbitos:
  - a) Sector pesqueiro: integrarano as entidades de interese colectivo pesqueiro, marisqueiro e acuícola con personalidade xurídica propia.
  - b) Sector social: integrarán este sector as asociacións socio culturais, deportivas, ecoloxistas, recreativas, educativas e as asociacións de mulleres e outras similares.
  - c) Sector económico: estará integrado polas asociacións de empresarios/as, organizacións sindicais e axentes económicos.
  - d) Sector público: estará integrado polas administracións públicas de ámbito local e entidades do sector público dependentes destas.
2. Cada entidade asociada pertencente ao GALP – RP necesariamente deberá adherirse a algún destes sectores. En ningún caso poderá formar parte de máis dun sector, mais si asistir as reunións cando sexa invitado.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

- 3.- Poderán participar asociacións de ámbito suprazonal sempre que non existan entidades da mesma natureza a nivel zonal.
- 4.- As mesas sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle participativa na asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio como de canle informativa das actividades da asociación. Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas..., que o sector poida concibir, para elevar propostas a Asemblea Xeral.
- 5.- A Asemblea Xeral poderá variar as mesas sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio e decidira o numero de representantes que lle corresponderá a cada mesa sectorial na Xunta Directiva. Os representantes das mesas na Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral por proposta de cada mesa.
6. A mesa sectorial poderá ser convocada polo seu representante, pola Xunta Directiva, polo 20 % dos asociados e asociadas pertencentes a ela.
7. As/os representantes das mesas sectoriais serán nomeadas/os entre aqueles membros da mesa que se presenten como candidatas/os, sendo elixidas/os as/os candidatas/os que maior numero de votos obteñan. No suposto de presentarse unha/un soa/so candidata/o esta/e deberá obter, como mínimo, a maioría simple dos presentes na mesa sectorial con dereito a voto. O seu nomeamento debera ser ratificado pola Asemblea Xeral.

#### TÍTULO VI. RÉXIME ECONOMICO E PATRIMONIAL

##### Artigo 24. Do patrimonio inicial.

O Grupo de Acción local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra carece de patrimonio inicial e fixara o seu orzamento anualmente.

##### Artigo 25. Das contas anuais.









1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas de conformidade coas normas específicas que lle resulten de aplicación. A memoria das contas anuais será posta a disposición das persoas representantes das entidades sociais, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que debera aprobalas ou censuralas.
2. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

##### Artigo 26. Do orzamento.

Anualmente e no primeiro trimestre de cada ano, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano.



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL

**Artigo 27. Da dispoñibilidade de fondos.**

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde o GALP - RP os teña depositados, terán recoñecidas as firmas na entidade bancaria correspondente a residencia e a Tesourería, para a utilización conxunta deles.

16

**Artigo 28. Do destino dos recursos.**

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre persoas representantes nin entidades sociais os recursos obtidos polo GALP – RP, senón que se reinvestirán para o cumprimento dos obxectivos sinalados no artigo 5 destes estatutos.

**Artigo 29. Dos recursos económicos.**

A asociación nutrirase dos seguintes recursos económicos:

- Das fondos asignados para a elaboración dunha EDLP conforme ao FEMP.
- Das cotas ordinarias e derramas extraordinarias que poidan establecerse.
- Das doazóns e legados a favor do GALP -RP.
- Das subvencións que lle poidan ser concedidas por calquera institución pública ou privada, local, provincial, autonómica, nacional ou estranxeira.
- Calquera outro ingreso permitido pola lexislación vixente.

O importe das contribucións obrigatorias destinarase aos gastos xerais da asociación.

As subvencións procedentes das Administracións así como as doazóns e axudas serán aplicadas a finalidade para as que foron concedidas.

**Artigo 30. Das cotas e contribucións das entidades asociadas.**

A contía das cotas e contribucións das persoas asociadas será proposta pola Xunta Directiva e aprobada en Asemblea Xeral, que determinará así mesmo o modo en que se farán efectivas.

**TÍTULO VII. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.**

**Artigo 31. Regulamento de Réxime interno.**

O Regulamento de Réxime Interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos e non poderá ir, en ningún caso, en contra do estipulado nos mesmo. En todo caso, o funcionamento interno da asociación someterase ao ordenamento xurisdiccional civil.





ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

**TÍTULO VIII. MODIFICACION DE ESTATUTOS.**

**Artigo 32. Modificación de Estatutos.**

Os presentes estatutos poderán ser modificados a pro posta da Xunta Directiva ou da cuarta parte dos/as asociados/as. A convocatoria da Asemblea Xeral estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera asociado/a poida dirixir a Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas propostas e emendas complementaran a documentación da citada Asemblea Xeral e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días a realización da mesma.

**TÍTULO IX. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**







**Artigo 33. Da disolución do GALP - RP.**

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso, nos supostos seguintes:

- Por vontade das persoas asociadas, mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral extraordinaria convocada para o efecto e co quórum que determina o artigo 15.2.
- Por ser imposible a consecución dos fins para os que foi constituído.
- Por incumprimento reiterado dos fins para os que foi creado.
- Por sentenza xudicial firme.
- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- Polas restantes causas previstas na lexislación vixente.
















**Artigo 34. Da liquidación do GALP - RP.**

- No caso da disolución a Asemblea Xeral elixirá entre as persoas que a integran a tres delas para constituír a correspondente Comisión Liquidadora e, a de maior idade, ostentara a súa Presidencia.
- A Comisión Liquidadora farase cargo do patrimonio existente, satisfará as obrigas pendentes e cobrara os créditos pendentes se existisen.
- O remanente, en caso de existir, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a fins idénticos ou, na súa falta, análogos aos deste GALP – RP.
- A Comisión, así mesmo, solicitará a cancelación dos asentos no Rexistro.
- En caso de insolvencia, a Comisión haberá de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xulgado competente.

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL
VOGAL	VOGAL



ESTATUTOS DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA – GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA COAS MODIFICACIÓNS APROBADAS NA ASEMBLEA DO 12 DE XANEIRO DE 2016

PRESIDENCIA 	VICEPRESIDENCIA 
SECRETARÍA 	TESOUREIRÍA 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL 
VOGAL 	VOGAL
VOGAL	VOGAL

### TÍTULO X. DISPOSICIÓN XERAIS


#### Artigo 35. Disposición Xerais

1. As cuestións non mencionadas nestes estatutos e no regulamento de réxime interno serán regulados na Asemblea Xeral e polas disposicións legais en vigor sobre asociación.
2. Os presentes estatutos entran en vigor inmediatamente despois da aprobación e cumprimento das disposicións legais aplicábeis.

En Marín a 12 de xaneiro de 2016.

Dona Consuelo Besada Lores, na súa calidade de secretaria da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra fai constar que os ditos estatutos foron modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 12 de xaneiro de 2016 para cumprir coas esixencias do FEMP, cumprindo as disposicións da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Marín, 12 de xaneiro de 2016,

  
Asdo. Consuelo Besada Lores